

CONCLUSIÓNS DAS XORNADAS: ADOLESCENTES E INTERNET. NOVOS ESPAZOS DE CIBERVIOLENCIA DE XÉNERO

Cerca de cen alumnos de entre 12 e 16 anos que cursan os seus estudos de Secundaria e/ou Bacharelato de Galicia participaron na Biblioteca da Cidade da Cultura nos debates abertos o pasado 23 de novembro en torno ás novas ferramentas para exercer ciberviolencia.

A continuación extráctanse as principais conclusións as que chegaron os expertos que coordinaron os diferentes grupos de traballo e mesmo os seus integrantes.

SESIÓNS DE TRABALLO

Sesión 1: *Violencia e control*

Moderada por Fernando Suárez Lorenzo,
Presidente do Colexio de Enxeñaría Informática de Galicia

1ª É necesario, por unha banda, un maior autocontrol por parte dos propios rapaces sobre accións de risco que teñen unha relación directa co uso da Internet e, doutra banda, un maior control paterno-materno.

2ª Os mozos non perciben o risco que levan moitas desas accións.

3ª Máis do 50% dos e das mozas asistentes coñecen casos máis ou menos próximos de *sexting*.

4ª Os estudantes participantes na sesión perciben pautas e comportamentos claramente machistas por parte da mocidade.

5ª En ocasións realizan gravacións que logo acaban circulando pola rede, procedentes de mozas que desexan ter máis popularidade entre os seus compañeiros e compañeiras, co efecto perverso de que os seus protagonistas acaban sendo obxecto de burlas.

6ª Percíbese que entre os mozos e as mozas non son conscientes da necesidade de denunciar comportamentos claramente delituosos.

7ª Existe unha percepción do acoso en xeral, e do ciberacoso en particular, como algo normal que, cando toca, non hai máis remedio que soportar.

8ª Os estudantes teñen clara a idea de que as redes sociais se poden empregar como método de presión social.

Sesión 2: *Xestión da intimidade*

Moderada por Teresa Egerique Mosquera,
doutora na Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra da Universidade de Vigo

1ª Se non queres que se saiba algo, non o contes.

2ª É preciso potenciar as conversacións persoais fronte ás virtuais sobre todo nos temas que se consideran íntimos.

3ª É preciso que nos deamos un tempo prudente antes de publicar algo deixando, por exemplo, que se nos pase un enfado.

4ª Desactivar a localización e tapar a webcam.

Organizan:

XORNADAS DIVULGATIVAS. ADOLESCENTES E INTERNET. NOVOS ESPAZOS DE CIBERVIOLENCIA DE XÉNERO

5ª Non debemos establecer conversacións con descoñecidos na rede.

6ª Debemos respectar a intimidade dos demais na rede. Preguntar antes de etiquetar.

7ª É preciso que deamos a mesma imaxe na rede que na vida real e non xulgar nunca polas aparencias.

Sesión 3: Prevención do ciberacoso (protagonizada por orientadores e docentes)

Moderada por Fátima García, xefa do Servizo de Formación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

1ª Existe unha barreira entre o profesorado e ao alumnado, entre os pais e os fillos en canto a utilización e coñecemento de redes sociais. Os alumnos/ os fillos sempre van por diante, sempre teñen máis contacto e coñecemento no uso das redes.

2ª Os problemas de ciberacoso que se constatan nos centros teñen case sempre unha complexidade inabarcable para o profesorado que intervéñ, precisamente porque afecta a un numeroso grupo de rapaces con diferentes implicacións.

3ª As catro áreas de intervención nas que podemos traballar nos centros educativos son: a intervención (cando se detecta a situación de ciberacoso), a información sobre o uso seguro da internet, a formación en valores e convivencia e a prevención de situacións de ciberacoso. Pero onde merece a pena centrar todos os esforzos é nas tres últimas: prevención, formación e información, posto que a intervención non é máis que unha actuación momentánea para que cese unha situación de violencia.

4ª Para previr a ciberviolencia débese comezar a formar e informar dende o inicio da escolaridade (educación infantil e educación primaria) e non esperar á secundaria que é cando xa comezan a utilizar as redes, porque xa dende idades moi temperás os rapaces usan internet. A formación debe comezar por desenvolver valores respecto cara un mesmo e cara aos demais.

5ª A formación e a información debe chegar aos pais, que son os primeiros educadores dos rapaces, pero hai que buscar vías e mecanismos efectivos e non quedarse en meras "charlas" expositivas.

6ª Nos centros precísanse expertos en uso seguro da internet, para que nos axuden a formar aos rapaces e ao propio profesorado. Actualmente só se dispón dos obradoiros impartidos pola Policía e Garda Civil, e non é suficiente. Existen moitos recursos materiais como guías e recursos audiovisuais pero o profesorado non é un persoal experto para desenvolver esa formación cos alumnos.

7ª Precísanse máis xornadas de reflexión onde os rapaces sexan protagonistas, e onde tras unha introdución teórica e institucional se dea paso a obradoiros participativos nos que os propios alumnos elaboren a información.

8ª Precísase promover entre o alumnado a formación entre iguais, como método efectivo de transmisión da información do uso seguro de internet. Trátase de promover unha formación en cadea e que os propios alumnos transmitan aos seus compañeiros a información e a experiencia.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2015

Organizan: